

A CANDEA



Edita: ASOCIACIÓN "FONTE DO MILAGRO" EXEMPLAR GRATUITO DECEMBRO 2003 Depósito Legal: LU/454 - 00 N.º 11

REVISTA DO CAUREL

Esta revista está impresa en papel Ecológico

SUMARIO

Páx 1	Portada
Páx 2	Editorial - (Guía de teléfonos)
Páx 3	A Gota Fria no Pia Paxaro
Páx 5	As Airas
Páx 6	O Couso do Lobo de Vilar
Páx 8	Artesanía Textil no Caurel
Páx 9	Buscando a Xente da Diaspora
Páx 10	Ruta: Ferreiros de Abaixo a Folgoso
Páx 12	A Ollada de Beloc
Páx 14	Xuntanza da Asociación
Páx 15	Mel Cauru
Páx 16	Uxío Novoneyra (6º Parte)
Páx 19	Noite de Lobos
Páx 21	Fiesta musical
Páx 22	Isto é Noticia
Páx 23	Os Fornos
Páx 24	Cousas que aconteceron
Páx 26	Faite Socio
Páx 27	Recuncho para a Poesía

TELÉFONOS DE INTERÉS

CENTRO MÉDICO (FOLGOSO)	982 43 30 33
CENTRO MÉDICO (SEOANE)	982 43 30 68
HOSPITAL COMARCAL DE MONFORTE	982 41 79 00
EMERXENCIAS MÉDICAS	061
SOS GALICIA	112
CRUZ VERMELLA (PEDRAFITA)	982 36 70 06
CRUZ VERMELLA (QUIROGA)	982 42 83 55
FARMACIA (FOLGOSO)	982 43 30 54
CASA DO CONCELLO	982 43 30 01
CUARTEL GARDA CIVIL (SEOANE)	982 43 30 83
AUTOBUSES "EMPRESA CAUREL"	982 42 82 11
ESTACIÓN DE AUTOBUSES (MONFORTE)	982 40 49 50
ESTACIÓN RENFE (MONFORTE)	982 40 20 96
INCENDIOS FORESTAIS	085

EDITORIAL

Lembran vostedes esa canción que dí "Sevilla tiene un color especial". Deso quero falar na editorial da CANDEA 11; non de Sevilla pero si do color especial que nestas datas adoita ter O Caurel.

As veces ese procesador tan perfecto, tan rápido, tan exacto chamado cerebro, ten problemas para dixerir e clasificar toda a luz e colorido que entra polos nosos ollos, e iso é o que habitualmente podemos sufrir no Caurel nas datas de outono; unha indigestión de colorido. Si nestas datas fixo un percorrido pola Serra aínda que non fora en profundidade, darase conta que non minto, que non esaxero ó dicir que se pode coller un empacho de color. Ese contraste harmonioso pero, ó mesmo tempo, complexo que nos ofrecen os soutos de castiñeiros con centos de tons nas súas follas. O espectáculo de cor que nos ofrecen os cornabudos, faias, rebolos, castiñeiros, abelairas, pradairos nas devesas de Paderne, Rogueira e outros puntos, non son capaces de gardarse na nosa mente, difícil resulta manter a imaxe nas películas das nosas cámaras fotográficas....

O espectáculo multicolor, caprichoso e variopinto ofrecido, amósanos a grandeza e poderío da nai natureza e o esforzo que esta fai para empaparnos de beleza. Pero a natureza tamén é caprichosa, e quen de facer que todo este espectáculo sexa so posible uns poucos días ó ano.

Se vostede aínda non tivo a sorte ou oportunidade de contemplar e admirar tal beleza, ou se non cree o que aquí se di, achéguese!, ¡dese unha volta pola Serra e aproveite eses poucos días no que é posible ver ese color especial que O Caurel ofrece no outono!....

O Presidente da Asociación



Foto: Elena López



RODRIGO RURAL

A MELLOR MANEIRA
DE DISFRUTAR DA NATUREZA

Ó PE DA FERMOZA DEVESA DE PADERNE

ALUGUER
DE QUADS



Información e reserva: Tfno e Fax: 982 185 110 Paderne, O CAUREL

A GOTA FRIA NO PIA PAXARO

Uns din, con lóxica, que foi unha tormenta como tantas outras que se produciron ó longo da historia en tantos sitios: e outros, os moi crentes, que foi un castigo de Deus. A cuestión é que alá polos anos 33 ou 34 do século pasado o ano non foi posible contrastalo porque a xente non o recorda exactamente- cando se estaba construíndo a estrada que une Quiroga co Caurel, concretamente ó acabar de construír a ponte de Carballido parece ser a segunda, posto que a primeira xa a levara unha riada cando estaba a medio facer- ó acabar a construción da segunda, como dicía, alguén lle comentou a persoa que dirixía as obras, que aquela ponte sería difícil que a levara outra riada; evidentemente pareceulle moi rexa, e a resposta foi contundente: “esta ponte non hai Deus nin Demo que a leve.” Este comentario tivo lugar a finais de agosto, e ó cabo duns días, concretamente o 8 de setembro, descargou unha tormenta de tal magnitude na ladeira do Pía Páxaro, que arrasou con canto atopou ó seu paso, e unha das primeiras cousas que atopou foi precisamente a ponte de Carballido.

Arraigou tanto esa idea do castigo de Deus nas persoas de crenzas relixiosas profundas, que aínda hoxe algunhas delas que entón eran nenos, están convencidas de que foi un castigo de Deus. Dende logo que se así fora poderíamos pensar que os que imparten a xustiza alá arriba non son precisamente moi xustos. Pode que sexa máis acertado atribuílo a un de tantos caprichos e malas xogadas da natureza.

Segundo contan esas persoas, algunha delas tivo que resgardarse da tormenta debaixo da pena de Penalba converténdose, sen querelo, en testemuña ocular dun espectáculo dantesco. O aire que levaba a riada diante era o que arrasaba con canto había o seu paso. As árbores voaban antes de que chegara a auga, e máis que unha tormenta parecía como se estoupase un pantano polo Seixo. Fixo voar a ponte que nin Deus nin o Demo levaban, parte da aceña que hai uns poucos metros máis

abaixo e, para desgracia de Folgoso e do Caurel, tamén levou unha serraría hidráulica que había no que hoxe chamamos o Moín da Veiga, así coma un muíño que había mais abaixo e a Ferrería do Mazo, da que non deixou nin rastro. Esta ferrería estaba situada máis abaixo de Folgoso no lugar que sigue levando o nome de “O Mazo”. Segundo un libro que lin non hai moito, que trataba precisamente sobre as ferrerías do Caurel, cando estaba en plena actividade era a única da zona que estaba dotada de tecnoloxía para a fabricación de tubos de ferro.

Naturalmente por esas datas xa estaba inactiva e en claro deterioro coma todas as demais. Foi unha mágoa que a Abadía de Samos, que era a que administraba todas as ferrerías da zona, non as destinase ó culto relixioso: desa maneira seguro que non as deixaría perder de forma tan lamentable dado que por aquelas datas rezábase moito.

Hoxe, se ademais da de Seoane, tiveramos no Caurel esa ferrería xunto coa de Valdomir, tamén moi importante, ou as de Lousadela e Ferreirós de Abaixo, todas elas importantes e vitais para a economía do Caurel naquelas datas, poderían constituir un excelente atractivo turístico de incalculable valor para os habitantes do Concello.

Era tal a importancia do Caurel, que entre finais do século XIX e primeiros do XX chegou a existir un proxecto de liña férrea ata A Pendella para sacar o mineral de ferro. Por eso, con tanta materia prima e tanta enerxía hidráulica, son poucos os ríos, por pequenos que sexan, que non tiveran unha pequena industria en forma de ferrería, muíño ou serradoiro movidas polas súas augas. Naturalmente que as lamentacións a toro pasado non serven de nada, pero un, que no fondo é un nostálxico daquelo que puido ser o seu concello e non é, non pode evitar ese sentimento de tristeza que supón pensar naquela riqueza arquitectónica e industrial que houbo no Caurel, da que hoxe só nos queda a Ferrería de Seoane como xoia do pasado, que se conservou en perfecto


MORENO


No antigo obradoiro do pintor Avari. MORENO convida a viño doce a tódolos amantes do CAUREL, non fai falla máis que acreditalo

ARMANI-MOSCHINO-CALVIN KLEIN-DKNY-CUSTO,TOMMY, e moitas marcas máis.

Moreno. • C/Marqués de Ugena, 40 Sarria (Lugo) • Tfno.: 982 530 791

estado porque foi a última que se construíu e porque se lle souberon dar outras aplicacións senón habería seguido o mesmo camiño das outras.

De todas maneiras, tamén tivemos sorte de que cando construíron a estrada non lles deu por pasala por onde está a ferrería, porque non terían inconveniente en facer dela o mesmo que fixeron co que quedaba da de Ferreirós de Abaixo.

Cando un lei o patrimonio que tivemos hai tan só un século, e ve o pouco que nos quedou, non pode evitar sentir coma se lle roubaren algo moi querido e valioso da súa propiedade.

Unha vez máis temos que lamentar que os nosos antepasados non coidaren nin pouco nin nada o seu patrimonio cultural. E para acabar de rematar a faena, a natureza botoulles unha man. Menos mal que polo menos quedanos esa paisaxe de tan exquisita beleza, que non é pouco.

Hoxe lamentamos que os nosos antepasados non coidaren as ferrerías e os castros, o cal é grave pero podémolo achacar a ignorancia, pero hoxe que xa deixamos atrás aquel analfabetismo endémico, poderíamos e deberíamos coidar o noso patrimonio cultural e romper dunha vez por todas con ese vergoñoso abandono. Dentro de non moitos anos os nosos descendentes lamentarán que os seus pais e avós deixaran perder os muíños e os albares, aínda perfectamente recuperables moitos deles, e nós non teremos escusa. Cunha pequena inversión e un esforzo colectivo poderíamos recuperalos e conservalos como símbolos da nosa historia e cultura. Pero non o faremos porque, no fondo, non temos conciencia do valor do perdido nin do que estamos a perder; é mais cómodo pasar de todo.

¿Tan difícil é que nos concienciemos de que xa non podemos deixar perder mais

patrimonio cultural? Xeralmente cada xeración que desaparece vai deixando algo máis do que recibiu: nós, cada xeración que pasa, imos perdendo algo do pouco que nos deixaron. A este paso, o pouco que queda dos castros, albares e muíños, desaparecerá nun século, todo o máis tardar, se non se lle pon remedio a ese deterioro inexorable ante a pasividade de todos. A defensa dese patrimonio ten que estar por enriba de calquera afiliación ou preferencia política e interese persoal. A cultura dun pobo non ten ideais políticos nin intereses económicos. Que máis dá que governe un ou outro, o que realmente importa é salvar o noso patrimonio cultural, as nosas tradicións e a nosa identidade como pobo, algo que deberíamos ter presente todos: Xunta, Concello e veciños. Eso será o que quede, o demais é pasaxeiro todo. Este patrimonio é de todos, coidémolo entre todos. O Caurel é de todos, e todos seremos responsables do seu deterioro ó marxe do seu enclave local. O patrimonio do Concello é dos que somos e queremos ó Caurel e daqueles que comparten ese sentimento anque non sexan caureláns. Salvo excepcións, xente que non é do Caurel demostra máis sensibilidade coas nosas tradicións e cultura que nós mesmos, naturalmente os que amamos O Caurel agradecemosllo profundamente.



Foto: E. M. Vila

ROTULOS



Fundada en 1960

R. Montenegro, 6 bj. ☎ 982 22 19 90

San Pedro, 13 bj. ☎ 982 22 63 07

AS AIRAS



Foto: E. M. Vila

toponimia de una pequeña zona de la provincia de Cádiz en el pueblo de Renamahoa y entre éste y El Bosque mientras que en el resto de la comarca dicese era”.

DESCRICIÓN:

Trátase dun espacio cadrangular, aínda que as veces, por atoparse en terreos estreitos adaptábase sabiamente a eles, variando a súa forma; así aparecen en algunhas de forma trapezoidal. Pavimentadas con grandes chantos cunha parede na cabecera chamada “crueira”, ó seu carón outro pequeno espacio pavimentado onde se botaban os apeiros da malla e tamén os mollos a quecer para facilita-la labor da malla; estou a falar do “eirucho”, que estaba separado da aira por unhas laxes verticais moi igoadañas para impedir que os grans saltasen fora da aira. Dentro do recinto da aira estaban os “medeiros”, destinados ás medas, que son grandes construcións feitas cos mollos dos cereais, de forma cónica. Algúns destes medeiros presentaban un armazón de vigas de madeira apoiadas sobre catro columnas de madeira dun metro de altitude aproximadamente, rematadas cunhas lousas circulares, sistema semellante ó do hórreo, que como sabemos, tiña por obxecto illar as medas dos ratos e maila humidade. No fondo da aira, outras laxes inclinadas cara dentro ou uns paos suxeitos con forcóns adetían os grans.

Case sempre as airas eran de uso colectivo, aínda que podemos atopar algunha individual. Cando os

propietarios eran varios, daba lugar a curiosas reparticións ó longo dunha semana para face-la malla.

Hoxe en día no Caurel, as airas consérvanse en bo estado, nembargantes medio esquecidas, recubertas de silvas (cando non adicadas a outras tarefas) e con poucas medas. Tamén para facilita-la entrada de maquinaria, foi preciso realizar reformas a veces pouco axeitada

Sen dúbida, as airas están plenamente integradas na nosa paisaxe, intimamente vencelladas á cultura galega, aínda que xa non se escoite o troupelear acompañado dos mallos nas calorosas tardes do verán.

A súa orixe é ben antiga; quizais apareceron xa no Neolítico cando se empezaron a cultiva-los cereais e a organiza-las aldeas: a súa tradición cóntanos que no Caurel xa se atopou unha no Castro de Miraz. Tamén na Pena Furada (Meiraos) había indicios doutra.

Xa para rematar, lembro un dito moi popular (desexo utópico) que se dicía cando estando a mallar na aira ameazaba a treboada. “Que bo sería o sol na aira e a auga no horto”.

J. A. PARADA J.
Meiraos



Foto: E. M. Vila



Turismo rural Casa de Hospedería

Casa CALELLON

3 HABITACIONES CON BAÑO

COMIDA CASERA-CORDERO POR ENCARGO

PASEOS A CABALLO

Seceda do Caurel (Lugo) Tfno. 982 185 409

O COUSO DO LOBO DE VILAR

Lobo (*Canis lupus*) o mais fiel inimigo do home. Animal mítico, protagonista de tantas e tantas, lendas, contos e outras historias que darián para encher milleiros e milleiros de páxinas. Ser endiañado asemellado as mais horribles historias de terror. A súa astucia denota respecto pero o mesmo tempo odio, o seu instinto asasino como así o valoran algúns, fai que sexa un dos seres mais acosados e perseguidos polo home. Pero esos mitos esas lendas que o asemellan co diaño, que falan de ataques o home e as suas propiedades, teñen mais de imaxinación que realidade, poucos datos poden demostrar destes ataques. A súa condición de carnívoro fai que a veces teña que recurrir os bens do home para cumprir co ciclo biolóxico e levar unha dieta axeitada. Moitas veces se falou e fala de ataques indiscriminados a rebaños de cabras, ovellas, a vacas e outros

animais que conviven ou forman parte do patrimonio do home. A escasez de animais salvaxes que conviven no seu habitat e son parte importante da súa alimentación, a ocupación do seu espacio, estan a ser unha das razóns que o levan a achegarse os dominios naturais do home e atentar contra as suas propiedades.

A mala convivencia entre home e lobo, esa adversión mutua, leva a unha loita constante e sen descanso pero como en case tódolos enfrontamentos entre animal e home este último sempre sae mellor parado. A presión a que se someteu e somete a este depredador está a lebar a especie o borde da extinción e a así axudar a romper unha vez máis un ciclo natural e facer mais difícil a convivencia entre outras especies que campan nos nosos montes.



Chorco no val de Valdeón (León)

Foto: E. M. Vila

Non foi nin é labor sinxela dar caza *o pirillán*, un dos moitos nomes que se lle da a especie na nosa terra; para elo o home tivo que dar traballo a imaxinación e facer a trampa axeitada a que lebara o animal o engano. Nin a chegada da polvora e as sofisticadas e mortíferas armas de fogo lle da unha clara vantaxe o home. Dende séculos atrás foronse ideando e creando todo tipo de trampas co fin de cazar e dar morte *o mellor inimigo do home*. Trampas feitas onde case sempre se aproveita o medio natural e os seus produtos para non levantar sospeitas ante tan astuto animal. Na foto podemos ver un *chorco* restaurado como atractivo turístico no Valle de Valdeón (León) en pleno corazón dos Picos de Europa. En Asturias coñecesen tamén como *Caleyos*, en Galicia *Foxos*; *Fojos* en Portugal, noutros puntos *Loberas*, *Hoyos*, *Callejos*, etc.

Estas construcións que tiñan como único fin a captura do animal solíanse levantar en ladeiras, a labor de construción non era nada sinxela, levantábanse dous muros que ben podían ser de pedra ou unha estacada de madeira dunha altura aproximada de 2 a 3 metros en forma de embudo; na parte superior a abertura dos muros podía ser de centos de metros e dende aquí íase encollendo ladeira do monte abaixo anta rematar na construción trampa onde os animais tiñan que entrar, esta era unha edificación case que sempre circular con muros de mais de 3 metros de altura, rematado na súa parte superior en unhas lousas en voladizo hacia adentro que dificultasen fuxida da fera; acorralado e introducido o animal na trampa alí se lle daba morte ou ben se sacaba con vida para *pasealo* polos pobos cercanos mofándose del, arrastrando hasta acabar dunha forma salvaxe e

Parrillada

Paredes

COMIDAS POR ENCARGO
PRODUCTOS CASEROSPAREDES - Lóuzara - SAMOS (Lugo)
Tel. 982 546 167 - Tel. 982 546 150



Foto: E. M. Vila

Despiadada ca súa vida. Este modalidade de trampas foi moi utilizada, aí referencia do seu uso hasta o século XVIII alo pola Garganta (Caceres), Montes de Salamanca, Sierra de Gibijo en Vizcaya, en Zamora. Etc. Podese deir que foi a trampa mais usada para a captura do lobo. En Galicia aínda se poden observar restos de algunha destas construcións, O Foxo da Xesta na Serra do Suido (Pontevedra) no Incio (Lugo) na Costa da Morte (A Coruña) en Riós (Ourense) e noutras moitas localidades gallegas podense observas restos destas xoias arquitectónicas.


Outra das contruções que tiña o mesmo fin cos foxos son os *cousos* estas eran excavacións no terreno dunha profundidade que o cair nela o animal lle resultase imposible sair. Estas construíanse aproveitando os lugares donde o lobo frecuentaba pasar, cubriáanse con ramaxes e follas para disimular mellor a trampa, en moitos casos no fondo do foso colocabase unha estacada para o caer o animal quedase cravado nela.

Os *cortellos*. Outra das trampas tamén moi usadas, as características pouco difieren da outra encanto a construción, o que si varia e a forma de enganar o animal. Neste caso utilizabase un animal como reclamo, ben podía ser unha cabra, ovella, cabrito ou outro animal que chamase a atención do lobo. A construción era unha excavación no terreo ou ben aproveitando un oco natural, paredando para facer difícil a saída de quen caera dentro. O xeito de atraer o lobo facíase colocando un cebo dos antes descritos a beira da foso, de xeito que o querer alcanzalo se

caeran no furado, solían caer o lobo e mailo cebo; pero por norma xeral o lobo rexeitaba dar morte o cebo o verse encerrado na trampa, o seu obxectivo era poder sair do furado adicando tempo e forzas a tratar de salvar o seu pelexo. Deste tipo de construcións vamos falar neste traballo e concretamente do *Couso do Lobo de Vilar* aínda que polas características da súa construción mellor se cadra na denominación de *cortello*.

Este atópase a pouco mais dun quilómetro de Vilar no sendeiro que vai dirección A Campa Baldomir o pasar O Castro das Hortas descendemos polo souto de castiñeiros, uns 100 metros en dirección o río, fixémonos e a esquerda parte un sendeiro recentemente limpo. O Foxo atopase nunha zona escarpada de rochas case que en parede vertical hasta o río. Aproveitando un pequeno afundimento no terreo, levantaron nalgún punto parede para completar o peche; a parede chega ter unha altitude dun 3,5 metros aproximadamente, o que facía imposible a fuxida do animal o caer dentro. E un foso de forma cuadrangular, de 4 x 4 metros de lado e unha altitude aproximada que vai dende os 3 os 4 metros; na parte superior e lugar donde se colocaba o cebo a altitude supera os 5 metros. Na actualidade a pesares da maleza podese observar esta peculiar trampa así coma as escaleiras feitas na rocha para poder acceder a el. E moi difícil saber a cenza certa cando deixou de prestar servicios para os que fora levantado; falamos con Inocencio de Vilar home de 90 anos largos e con unha memoria envexable e comentanos que el xa non se lembra de darlle uso, pero que oíu falar moito os seus antepasados do *couso do lobo* e que tiña oído que cada día tiña que ir un veciño a miralo e turnarse entre todos para aportar o cebo. Foi imprescindible a labor de Xan de Ferreiro de Vilar para localizalo, a abundante maleza e dificultade do terreo faría imposible acceder a esta magnífica xoia arquitectónica que nos podía falar do pasado, dos costumes e da cultura do Caurel. Non estaría mal que este patrimonio fose mais valorado e servira para amosar a visitantes e curiosos estas obras do inxenio humano para dar caza o seu enemigo **O LOBO**.

E.M. VILA



Camoga, s.l.

CONSTRUCCIÓNS, PROMOCIÓN E REPARACIÓN

R/ Entreríos, 20 - 22 - Baixo • 15404 FERROL - Telf.: 981 37 24 56 / 981 37 20 65 • Fax: 981 94 77 64
E-Mail: camoga2000@hotmail.com

ARTESANIA TEXTIL NO CAUREL

A ta os anos cincuenta o liño era unha das plantas máis cultivadas nas terras do Caurel, posto que esta fibra natural e resistente empregábase para elaborar telas e confeccionar roupa, tanto para vestir como para a cama.

O liño sémbrase de abril a maio, florece a finais de xuño e recólléitase en agosto, neste mes comeza un longo e complicado tratamento desta fibra.

Na primeira fase arríncase coa raíz; logo, nunha mesa que ten situado no centro un peine de madeira chamado **ripio**, sácaselle a liñaza; a continuación lévase a cabo a tarefa esencial para obter unha boa calidade da fibra, consiste na enriada do liño, nun pozo chamado corgo atúase na auga; esta debe de estar correndo por enriba da fibra durante quince días. Logo esténdese ó sol ata que estea seco.

Nunha segunda fase, xúntase o liño nun montón e cun mazo de madeira mázase, logo táscase separando as estopas que son fibras máis cortas do liño das estrigas que son as fibras máis longas; para realizar esta actividade é esencial o **tascón**, aparello chapicado de cravos.

Por último o liño fíase na roca. Para realizar esta tarefa é necesaria unha especial habilidade. Esténdese o liño no seo, sostense coa man esquerda polo extremo máis alonxado, coa man dereita sepáranse da manela unhas fibras e colócanse sobre o xeonllo dereito, logo envólvense en abanos e colócanse na **roca** e átanse cun lazo; agora o liño xa está preparado para fiar. Durante o fiado hai que ir mollando os dedos nun recipiente con auga.

Acabado o fiado procédease a **ensarillar** o liño e facer as madeixas. Logo, nun caldeiro de auga, férvese esta fibra xunto con cinza de romeo para obte-la brancura do fío.


Agora o liño xa está listo para **urdir**, acto previo e necesario para colocar a tea no **tear**; unha vez posto neste aparello a tecedeira, en coordinación coas mans e cos pés, será a encargada de elaborar os lenzos de tela.

No tear técese os lenzos de tela que antigamente se vendía nas feiras ou se tecía por encarga. Xa que non abundaban as telas empregábase para facer roupa.

Co liño, combinado coa la das ovelas, confeccionábanse colchas paras as camas. Algunhas destas sobrecamas son auténticas obras de arte, xa que están debuxadas segundo mostrarios e unha gran mestura de cores. A principios do século XX en case que tódalas casas do Caurel había un tear.

Na lembranza da miña avoa que herdou este oficio en Castro Portela e a el adicou a meirande parte da súa vida.

MATILDE ARZA
FOLGOSO DO CAUREL



Tear



Asistencia y Gestión, S. L.

**SOCIEDAD PARA LA GESTIÓN
AMISTOSA DE DAÑOS**

C/ Río Sil 37-39, entrp.
27003 LUGO

Tfno. 982 28 41 84
Fax. 982 28 44 74



Instituto

SERVICIOS PROFESIONALES EN SEGUROS

Móvil: 607 15 12 25
C/ Río Sil, 37-39
27003 LUGO

BUSCANDO A XENTE DA DIASPORA

Era unha noite de xullo clara e estrelada, as estrelas e a lúa resplandecían tanto que non necesitabamos nin luz. Había paz, tranquilidade é relax na praza do Quintairo; sobrava a chaqueta e incluso a camisa estaba suorenta. O Presidente da Asociación "Fonte do Milagro" e máis eu, estábamos sentados nas pedras da porta da escola que nos vira nacer, onde nos ensinaron as primeiras letras; aínda se vía o burato da porta por onde se metían as galiñas para a casa onde vivían os nosos mestres. A nosa memoria e o noso corpo estremécense e sensibilízase e preguntáste ¿que sorte teño? ¿En qué país de Europa, en que parte do mundo podes contemplar este ceo, esta natureza, esta paz? En ningures; incluso pensas que si o outro mundo fora igual valía a pena dar unha volta.

De súpeto o Presidente espetoume a seguinte pregunta: ¿Que che parece si dedicamos unha páxina da nosa humilde revista a tanta xente que se criou aquí, que por unha serie de circunstancias da vida tiveron que emigrar a outros lugares onde hoxe viven, defenden postos de traballo e recordan o sitio onde aprenderon as primeiras letras e deron os primeiros pasos?.

Os dous, non sei si equivocados, cremos conveniente explicar no próximo número da revista A CANDEA a entrada ó Caurel, as nosas orixes e un repasiño polas ladeiras do Lor, comezando pola cunca inferior do Río Lor ata Pedrafita.

Eran as sete da mañá! Aparcamos o coche na Labrada e puxémonos a camiñar recordando a frase de Don Xoán Vidal de Romaní, catedrático de Xeoloxía da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña, dicindo que: *"O Lor, xa dende a antigüidade considérase o curso máis elegante do mundo e que fora o corredor imprescindible para a conquista, colonización e posterior explotación romana do Caurel"*; sen perder tempo,

puxémonos a camiñar por Augas Mestas, sitio privilexiado na concorrência do Sil e do Lor, onde comezamos a encontrar abondosos restos da nosa historia: Minería romana; asentamentos castrexos. Axiña pasamos A Ponte de Barxa do Lor. Pero nós non vamos a falar do pasado, eso debemos de conserva-lo. Nós vamos a falar do presente, do que vemos, recorremos, palpamos e admiramos. As horas parecían minutos, as dificultades do camiño unha simple anécdota. ¡Canta natureza xunta!...¡Canta diversidade!... ¡Como se deslizan as augas das carrozas das ladeiras de Lamas e Bustelo!...¡Como conviven e viven as augas bravas coas mansas!...Hai que percorrelo para vivilo!.

Pouco a pouco, como si dun soño se tratara, chegamos a augas mansas, cristalinas onde o Lor comeza a descansar despois dun tortuoso camiño: a presa de Castro Portela... e un pouco máis adiante o noso querido e entrañable Froxán onde as súas ladeiras e o seu microclima nos proporciona xofreiras, uvas de moscatel, cereixas, granadas, abelás... ¡O que é de fóra!! Esto non é Caurel, nin Baixo nin alto, esto non é o Caurel dos lobos, do medo, da neve, das tinieblas, do Caurel que nos falan...

Dado que acabou o día e ven a noite, falaremos da xente da diáspora, da xente que non é, nin era romana, que non buscaba ouro; falaremos da xente que comía calduda, castañas, leite mazada, que tiveron..., que

tiveron que emigrar da natureza, do ceo limpo e estrelado, da casa dos seus pais e avós para ir ó mundo da competitividade onde o asfalto, o estres, o materialismo, onde as presas ocupan o noso tempo; por eso a través dos homes da diáspora e o resto do camiño a Pedrafita, nos fagan ver o que viviron e o que recordan e, si fora posible, contarnos esas dúas vidas.

E. CASTRO



E.M. Vila

ALBERGUE DE QUIROGA

- ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL - DEPORTE DE AVENTURA
- ITINERARIOS GUIADOS...

FINCA DA SILVA, S/N
C.P. 27320, - QUIROGA (LUGO)



Tlf./ Fax: 982 43 52 90 Tlf: 606 37 19 64 E-mail: albquirola@hotmail.com
WEB: <http://www.telefonía.net/web/alberguequirola>

RUTA DE FERREIRÓS DE ABAIXO A FOLGOSO POLO CAMIÑO REAL

CARTOGRAFÍA:

Mapa Topográfico Nacional de España nº 157-I (SEOANE DO CAUREL) e nº 156-II (FOLGOSO DO CAUREL). Escala 1: 25.000.

DISTANCIA:

Aproximadamente catro quilómetros.

TEMPO:

De unha a dúas horas.

DIFICULTADE:

Baixa.

DESNIVEL:

A cota máis baixa está en Ferreirós de Abaixo con 540 metros, o inicio da ruta.

A máis alta está o final do quilómetro 3, na Cruz das Lastras, con 770 metros de altitude.

RESUMO DO PERCORRIDO:

Discorre por riba da estrada LU-651 (Ferreirós de Abaixo-Folgo). Ascende de xeito constante ata rematar o quilómetro tres, para logo descender case bruscamente ata Folgoso. Nos primeiros 500 metros avanzamos pola ladeira esquerda do canón do río Ferreirós, logo viramos preto de 90° para seguir o curso do Lor a moita altura.

PERCORRIDO:

Sáímos de Ferreirós de Abaixo pola estrada cara Folgoso, andamos 200 metros e saímonos dela pola esquerda. Avanzamos 350 metros por un sendeiro estreito labrado na rocha e logo atopamos os restos do que antigamente foi o Camiño Real (Quiroga-Seoane), aquí collemos á esquerda.

Cando estamos preto de rematar o primeiro quilómetro, temos que cruzar a estrada de Ferreirós de Arriba.

Mentres dura o segundo quilómetro, o afiado Pico de Coto estará presente pola nosa esquerda; o camiño afundido polo paso do tempo; tecidos de uces, xestas, carqueixas, carpanzas e silveiras cerran o vieiro por ámbalas dúas marxes.

Seguramente que un penedo panorámico que sobresaia á dereita do camiño sexa o inicio do terceiro quilómetro. O monte case non ten terra, as matogueiras son pequenas e escasas, ningún impedimento para mirar a paisaxe.

Chegamos ó indicador de madeira, estamos na Cruz das Lastras, baixamos á pista de terra, se collemos á dereita (baixando) chegaremos a Folgoso, queda un

quilómetro.

Se queremos un percorrido máis íntimo, baixamos uns poucos metros pola pista e logo desvíamonos á esquerda polo antigo camiño. A menos de 300 metros hai unha bifurcación: se collemos pola dereita, o camiño a Folgoso é máis curto pero empinado; se o facemos pola esquerda é máis longo, pero podemos visitar o Castro da Coroa que está preto do desvío e á dereita do vieiro.

POSIBILIDADE DE VOLTAR ANDANDO POR OUTRO CAMIÑO:

Na mesma ladeira, pero máis baixa, hai outra ruta que foi descrita na revista nº 3. Discorre entre a estrada LU-651 e o río Lor. Para coller o camiño, dende Folgoso, andamos 300 metros pola estrada en dirección a Ferreirós de Abaixo. Cando chegamos ó Campo de Tiro (Traspando) saímonos da estrada pola esquerda e baixamos ata topar co vieiro. Avanzamos no sentido contrario ás augas do río, coidado de non cambiarse de marxe cruzando algunha das pontes que atopamos no camiño.

DETALLES DE INTERESE.

O Canón do Lor:

É, sen dúbida, o máis pecho e profundo de Galicia: entre cumios case pegados de máis de 1500 metros, as súas augas discorren a pouco máis de 400 metros de altitude. Cheo de luz, aínda no inverno os raios de sol entran ata os recunchos máis fondos do abismo, debido á súa traxectoria case rectilínea norte-sur. A néboa case nunca tapa o val por días enteiros, o que permite en calquera



Hostal - Mesón
 O `Mírador
 MIREILLE TOSONI

Teléf. 982 43 30 64 FOLGOSO DO CAUREL

estación, aínda chovendo, facer as rutas que discorren por el.


Os castros:

Mentres percorremos o primeiro quilómetro, podemos observar na outra ladeira do canón do Lor, 1000 metros á dereita de Sobredo, o Castro da Torre.

Mentres facemos o terceiro, debaixo de nós, xusto por

riba da estrada, onde esta fai a volta máis longa e pechada, está o Castro de Foz. Á mesma altura pero na outra ladeira, debaixo do camiño Touzón-Sobredo, o Castro de Fouciños. Distínguense nas ladeiras polo distinto tipo de vexetación.

No quilómetro catro, xa falamos do Castro da Coroa.



MAPA



HOSTAL RESTAURANTE

A Fontiña

En la Sierra del Caurel

- Habitaciones con baño y calefacción
- La mejor comida típica de la zona:
 - Grelos con castañas
 - Entremeses de la casa
 - Churrasco y cordero
 - Tartas caseras

Seoane del Caurel, Telf.: 982 43 31 06 (Lugo)

A OLLADA DE BELOC

Beloc ollaba o seu redor, levaba unha farrapeira túnica de liño negra e unhas polainas de coiro, era baixo e cos cabelos negros. Vixiaba as súas cabras que subían por os riscos, comendo as herbas entre as penas. O rapaz sabía ben que eran os últimos días de aquela vida, era novo pero tiña a saudade dos vellos cando ventean a morte. Todo trocou dende que chegaron aqueles estranxeiros, loitaron contra eles pero foron derrotados, os estranxeiros escravizaron os seus en busca de ouro. Eran os romanos. Beloc lembrou a súa xente, eran a tribo dos lugoi, da gens dos sesurros. Din as lendas, que os lugoi deben o seu nome a súa habilidade de facer caldeiros de seis asas para os rituais do deus Lug. Comeu un pouco de acedo pan de belota, algúns dos lugoi xa comían un novo alimento traído polos estranxeiros, que medraba nunha árbore chamado castiñeiro. Os sesurros vivían en castros pequenos e grandes ó redor do val; o pai de Beloc era pobre, como a maioría da súa tribo, só uns poucos eran nobres con grandes rabaños de gandos, e terras, só eles podían ter dereito a levar torques. O máis rico era Brindias, o xefe do castro Melidium, o máis grande de centro dos sesurros. Brindias tiña un gran rabaño de vacas, bois, cochos e incluso cabalos e moitas terras. O resto, excepto os nobres, eran pobres. Uns eran artesáns, outros labregos que cultivaban as terrazas do redor dos castros e plantaban trigo, avea e cebada. En pequenas hortas cultivaban berzas e nabos e as veces, segundo a estación, recolleitaban froitas silvestres. Os gandeiros tiñan pequenos rabaños de vacas, bois ou cabras, e nos duros invernos durmían con eles nas casas do castro. A Beloc sempre lle houbera gustado ser artesán, lembrouse dos artesáns do seu castro, o vello Vindio, o ferreiro, o cesteiro un home coxo chamado Virian, e o seu amigo o alfareiro Godas que facía as xarras de barro en que se recollía a auga cando chovía para ter auga. A súa xente era pacífica, rara vez había loitas. Os máis nobres ían armados para protexer o seu gando. Algunhas loitas entre castros eran por roubos de vacas, ou por lindes de terras. Había confradías de guerreiros que se dedicaban a saquear. Beloc lembrou con agrado as noites de plenilunio cando tódala tribo baixaba a bailar ó carballal ó son de golpes secos na madeira, baixo a ollada do home sabio, Meredin. El falaba cos deuses, que lle dicían que carballeira era sagrada e cal non. Meredin tamén falaba cas ninfas dos ríos, sabía cales eran boas e malas, unhas curaban os males facéndolles ofrendas. O home sabio curaba con herbas e vía o futuro nas entrañas dos cordeiros. Tamén coñecía as pedras sagradas, como o cuarzo. Beloc lembrouse doutros estranxeiros, anteriores

os romanos, e trocaban aceite e viño por ouro que os sesurros, sacaban dun buraco preto do castro. Cada certo tempo os sesurros reuníanse en Melidium para facer troques de cousas, tamén facían reparto de terras e xuízos baixo o arbitraje de Vindias, o home sabio, e o consello dos máis vellos. Melidium foi destruído polos romanos. Vindias e os seus resistiron pero foron derrotados, os estranxeiros comezaron a chamarlle Medulio a aquel lugar. Agora todos os Lugoi, según a lei romana, teñen que deixar o seu castro e baixar as veigas, algúns irán ás minas de ouro como escravos. É o fin do mundo de Beloc, un mundo de gandeiros, labregos e artesáns que se converterán en escravos que sacan ouro ¿en que mundo vivimos nos?. Beloc chorou e apretou a súa pedriña de cuarzo.

XAIME FARIÑAS
BARCELONA



E.M. Vila



CHIMENEAS
Hogar Confort

CHIMENEAS FRANCESAS
RECUPERADORES DE CALOR
ESTUFAS, BARBACOAS, ETC.

Ctra. N-VI, Km. 399 - Tel. y Fax: 987 562 717
24550 VILLAMARTIN DE LA ABADIA (León)



P E R F U M E R I A S

• Droguería • Parafarmacia • Dietética • Alimentación Infantil

ARENAL ES MAS BARATO

Calvo Sotelo 93-95
- SARRIA-

Rúa Cardenal 33
- MONFORTE-

Central: Polig. CEAO - Calle Industria, 94
27003 LUGO

Tfno.: 982 20 70 46 - Fax: 982 20 71 14

XUNTANZA DA ASOCIACIÓN

Como se leva facendo dende o nacemento da Asociación e coincidindo co verán, data na que as rúas e pobos do Caurel recuperan o seu rebulir, celébrase unha xuntanza de membros e amigos da Asociación.



Foto: Manuel Pombo

Este ano a data elixida foi o 14 de agosto e como complemento a xuntanza organizouse unha marcha de sendeirismo e unha comida de irmandade.

A resposta á chamada, que dende o Colectivo Fonte do Milagro se fixo, foi escoitado por moitos socios, amigos e simpatizantes. Para animar a xornada decidiuse



Foto: Abelino López

organizar unha ruta de sendeirismo que axudaría a facer boca e gastar un pouco *colesterol*. O tramo a percorrer foi dende Ferreiros de Abaixo á Ponte de Baldomir, 7 quilómetros da chamada ruta do Lor; a hora de partida estableceuse para as 5 do serán, pero as altas temperaturas, pouco usuais na nosa xeografía, fixeron este ano subir os termómetros por enriba dos 40° C a razón das altas temperatura levounos a retrasar a hora de comezo

Un cento de persoas tomaban a saída, pretendendo facer o trazado no tempo estimado, pero no foi así, uns chegaron bastante antes do previsto, e pola contra outros adicáronlle bastante máis tempo. Reunidos en Baldomir para tomar uns grolos e así recuperar o líquido que a calor e o esforzo nos fixeran perder.

Dende aquí, a comitiva dirixiuse a Folgoso onde se ía celebrar a reunión e logo dar paso á cea, no Hostal Mesón O Mirador esta prologouse hasta altas horas da madrugada.

Compre comentar que foron varios os socios que fixeron unha chea de quilómetros só para asistir a comida-cea de irmandade da Asociación como así a chamamos.

HASTA O VINDEIRO ANO.



Foto: E. M. Vila

SANDRA CANCELA

C O C I Ñ A S

Os nosos clientes e amigos
Bo Nadal

RÚA MANUEL MARÍA 2-4 BAIXO - Tfno.: 982 203 985
e-mail: cancelacocinas@mundo-r.com



MEL CAURU

Pola situación xeográfica, condicións climáticas e composición do subsolo, a Serra do Caurel é unha zona privilexiada e única para a vida e variedade da flora. Coexisten árbores como a faia, que nas devesas de Riocereixa e Fonteformosa formas os faiales máis occidentais de Europa; os grandes soutos de castiñeiros, herdanza dos romanos, nos arredores de tódolos pobos e aldeas; a aciñeira, a sobreira, a oliveira e, por citar algúns exemplos máis, a laranxeira e o limoeiro. En plantas e arbustos, a variedade é aínda máis notoria; os distintos tipos de uces, arandos, xestas, jara, jarilla, érbedo, que tamén se pode considerar arbusto, a fresa silvestre o amorodo, a xanzá, que se atopa unicamente noutras latitudes como nos Alpes e nos Pirineos, os distintos tipos de orquídeas, etc.

Toda esta riqueza da flora na nosa Serra, así como os diferentes vales ben abrigados, soleados e protexidos, ofrecen o mellor hábitat para a vida, cría e multiplicación das abellas. A explotación da apicultura foi e aínda é unha das actividades máis importantes dos habitantes do Caurel. Son testemuñas incomparables os abondosos albares existentes na Serra. O albar é unha construción circular, semellante a unha muralla, duns dous metros de alto cuio material é a lousa e supón un verdadeiro símbolo para a zona. Estas edificacións fixéronse dende tempos remotos, o obxecto de defender as colmeas do ataque e saqueo dos osos. Existen estas construcións noutras zonas próximas ó Caurel, onde se lles coñece como alvarizas, cortín, cortiña, cortiño, colmenar, etc..

Agora que, con máis frecuencia, van quedando abandonadas e desertas aldeas e pobos, xurden por toda a Serra numerosos apiarios para a produción de mel e os



seus derivados. Moitas destas explotacións son iniciadas e de propiedade de persoas e empresas de fóra do Caurel. Uns cantos apicultores da Serra, vendo que de forma individual non é posible máis ca unha explotación artesanal ou de subsistencia, decidimos unírnos e formar unha cooperativa, co fin de producir máis e mellor e comercializar os produtos directamente, sen ter a necesidade de vender o produto a baixo prezo. Este ano xa conseguimos lograr vender o mel etiquetado e con tódolos

rexistros necesarios para a súa manipulación e comercialización. Agora estamos na fase de construción dunha nave, nos terreos da nosa propiedade, no Polígono Industrial de Quiroga, cuio local equiparemos co material e a maquinaria necesaria para obter un maior e mellor rendemento, conseguir a presentación e hixiene acorde co produto e lograr as mellores canles de venta e comercialización. Os compoñentes da Cooperativa somos un grupo humano de persoas moi traballadoras, dinámicas e honradas, calidades herdadas e propias das persoas que sempre existiron no Caurel.

CAURU, que traducido do latín significa CAUREL, pode ser unha cooperativa que marque un fito e sexa un exemplo nunha zona tan deprimida e abandonada como esta. Anímanos comprobar que formamos un bo equipo humano para logralo.

ANTONIO NEIRA RODRÍGUEZ

06 - 11 - 2003

Autor do libro

"CAMINANDO POR LA SIERRA DEL CAUREL"


*Esta miel cosechada en los profundos valles de la Sierra del Caurel, en donde conviven la flora mediterránea y atlántica, tiende a cristalizar. Si se prefiere líquida debe calentarse al baño maría a una temperatura de 40° C.
Conservar a temperatura ambiente*

MEL
CAURU

Miel cosechada en la sierra del Caurel

CAURU, SDAD. COOPERATIVA GALEGA
Rúa Arroyo, 6-1º • 27320 - QUIROGA (Lugo)
Teléfono: 982 435 179 • Móvil: 679 746 303

Tralas pegadas do poeta do Courel UXÍO NOVONEYRA (O Pasamento) 60 PARTE



“Tralas pegadas do POETA DO COUREL Uxío Novoneyra” (O Pasamento) 6ª PARTE

O PASAMENTO@:

Ás 10'52 h da mañá do día 30 de outubro do 99, as badaladas da Berenguela gardaron silencio, no Hospital Gil Casares de Santiago de Compostela, finara o grande POETA DO COUREL **Uxío Novoneyra**. Os versos do poeta ecoaron dende cada recuncho da cidade de pedra e o ar levounos ata os cumes máis altos da serra.

-(...)Galicia sólo terra/ sólo home solo solo solo (...)
(Sic). Do Courel a Compostela

A noticia do pasamento do poeta correu coma a pólvora.

A noticia chegou ó café Xixón de Madrid, onde o poeta da serra participou en numerosos faladoiros. Antigos interlocutores dos cafés composteláns Derby e Alameda enxalzaron ó poeta. O mesmo aconteceu no ACafé Madrid@ da capital lucense e no recóndito ACafé Pombo@ de Seoane do Courel.

-A Uxío era un máis, todos sabíamos que era un grande poeta, pero aquí era un máis, falaba con todos coma outro calquera.@-comentaban no Café Pombo de Seoane. -A Uxío era home de pouca fala, só falaba cando facía falta, non tiraba as palabras ó aire@.-

Filosofía caurelá que tan ben coñecía o poeta.

Á familia e Ós íntimos, sumáronse diversas personalidades do mundo cultural e político: Don Francisco Fdez del Riego, o poeta Bernardino Graña, Herminio Barreiro, Fernández Ferreiro, Bautista Álvarez, Paulino Álvarez, Xosé Neira Vilas, Xosé María Álvarez Cáccamo, Antón Patiño, Antón Santamarina, Margarita Ledo, o dirixente do BNG Xosé Manuel Beiras, Camilo Nogueira, Fernández Albor, Celso Currás, Xesús Pérez Varela e unha ringleira de nomes imposible de recoller. Recibía ós asistentes o escritor Fernán Vello. Anónimos admiradores do poeta da serra achegáronse ó Panteón de Galegos Ilustres do Convento de Santo Domingo de Bonaval.. Chuviscaba en Santiago, a pesar da data o tempo enfriara:

-(...) Estoun en Compostela vendo nevar no Courel (...)
(Sic). Os Eidos. Uxío Novoneyra

A voz da escrita.

O pasamento do poeta anulara a homenaxe prevista a Novoneyra pero os escritores o 31 de outubro de 99, irmandáronse a través da escrita.

O xove dramaturgo Alfonso Becerra de Becerreá fixoo seuAHomenaxe a Novoneyra@A Sen máis avío que o ío ío do río@- (...) Entre a voz e a voz do silencio Novoneyra devólvenos aquilo que tiñamos perdido, pedaciños de ánima, para erguer o voo hacia o que somos@ (sic) La Voz de Galicia. Dende o mesmo xornal Manuel Álvarez Torneiro, sentenciou:

-A Durará a obra como vida@.

A profesora Carmen Blanco, estudiosa da vida e obra de Novoneyra, parafraseou a Uxío:

-A Chove para que soñes@. EL Progreso.

O escritor de Verín, Xosé Carlos Caneiro, escribiu dende a raia galego-portuguesa:

-AGritaremos abril, Novoneyra@. La Voz de Galicia. Dende o mesmo xornal o escritor e director da Editorial Galaxia, Carlos Casares, dedicou a súa habitual columna que titulou sen necesidade de adxectivos: ANovoneyra@.

A redacción do ACaderno especial do xornal@ AEL Progreso@ salientou a figura do poeta. Salvador García-Bodaño deu renda solta á A Lembranza@ do poeta no Correo Gallego.

O xornalista e escritor Jaureguizar, escolleu unha frase habitual entre os veciños do Courel:

A Era un labrego máis@. AEL Progreso@.

O escritor Paco Martín serviuse dun xogo de palabras



Hospedería Bar

FERREIRO



- Habitaciones con baño
- Comidas de la zona

Telf.: 982 43 30 65 - 982 43 30 23
Seoane do Caurel (Lugo)



Foto: E. M. Vila



Foto: Elena López

Para definir ó poeta: *A Infinit(iv) o Novoneyra*.

Soedade Noia baixo o esquemático título: *A Uxío Novoneyra* (1930-1999) escribiu: *A Uxío Novoneyra será homenaxeado esta tarde polos homes das letras de Lugo*. El Correo Gallego.

A Xosé Luís Méndez Ferrín, antigo amigo de Novoneyra, subliñou con aplastante rotundidade *Novoneyra é A o noso poeta nacional*. La Voz de Galicia.

María Pino/ Concha Cedrón, escribiron sobre a *A Homenaxe a Novoneyra*.

Xabier Rodríguez Barrio dá a triste noticia: *A Morreu o poeta do Courel*. El Progreso

A. Rodríguez no artigo: *A Uxío Novoneyra (1930-1999) concreta: - A O poeta de Galicia morreu onte ás 10,52 da mañá en Santiago de Compostela*. El Correo Gallego.

Cristina Saavedra define: *Novoneyra A Un poeta da Terra*. El Progreso

Á condolencia destes escritores sumáronse moitos outros dende outros xornais e revistas...

A cidade de pedra vestiuse de chumbo.

...Chovía en Santiago...(....) *A chovía no Courel e caía a neve polvoriña* (...)... que versou o chorado Novoneyra.

A xente esperaba baixo a marquesiña da entrada do Museo de Arte Contemporánea, o emblemático edificio deseñado por Siza serviu de abeiro a moitos dos seguidores do poeta, outros protexíanse da choiva baixo negros paraugas. Nas escadas de Bonaval reuníronse admiradores e amigos que, en silencio, entraban no antigo convento co fin de acompañar ó poeta de San Román de Parada, o neto de Ulises Neira e Petra Vello de Manuel Novo e Benita López que a través dos versos -(...) *Atoca as mans ós antepasados* (...).

- (...) *Ando limpando a casa de cacharros e trastos/ lacenas e faios sin deixar rechubazo/ Ando a tocarlle as maos ós antepasados* (...) *Os Eidos*

O señor alcalde de Santiago en nome da cidade de pedra onde o poeta da serra viviu os últimos anos, encargouse de darlle o derradeiro adeus

En medio das bágoas e a choiva, baixaron o cadaleito o fillo do poeta Arturo Novoneyra e os poetas Manuel María e Bernardino Graña, axudados por Cesáreo Iglesias, Herminio Barreiro, Galín e Xosé Manuel Beiras.



CASA RURAL

BONIFACIO

6 Habitacións con baño - Cociña tradicional

Fermosas paisaxes da Montaña do Lor

Vilar de Lor, Quiroga -Lugo Tlf. 982-185449

www.loralto.com



Foto: José Ramón López

De Compostela a Lugo.

Unha ringleira de coches acompañaron a Uxío dende a igrexa de Santo Domingo de Bonaval ó cemiterio de San Froilán de Lugo.

Familia, amigos, poetas, artistas plásticos e unha lista interminable de admiradores uníronse ós representantes dos Concello de Lugo e Folgoso do Courel, encabezados pola concelleira lucense dona Branca González Pazos e o señor alcalde de Folgoso do Courel, don Xosé López Fontal que na compañía de coureláns, amigos e admiradores de Novoneyra escoitaron recitar ós poetas galegos a **Letania de Galicia:**

(...) *AGalicia digo eu ún di GALICIA/Galicia decimos todos Galicia/ hast-os que calan din Galicia* (...). Os Eidos.2 **LETANIA de Galicia e outros poemas.** Tódalas campás das igrexas do Concello de Folgoso do Courel repenicaron ó unísono..

As badaladas chegaron á casa de Parada, -(...) *A casa de pedra e cal vella/-solaina e ventanas prá serra/*

Feita fai cen anos á miña maneira(...). Os poemas reverdeceron en todos e cada un dos recunchos agachados da serra: O Pía Paxaro recolleu os símbolos cifrados do solpor da poesía.

- (...) *A Eu son esta cor da soedade...* (...).

Uxío retornara A o eu.

O día de Santos continuaron as lembranzas:

María Cedrón salientou *A Un cato sen curas nin cruces*. A La Voz de Galicia.

Jaureguizar dende El Progreso dá o seu *A Adiós ó poeta do Courel* - **Sitúan o libro A Os Eidos no cumio literario galego.**

Soedade Noia dende A El Correo Gallego, da conta da *Última homenaxe a un poeta da terra*.

Miguel Olarte dende El Progreso no seu *A Adiós ó poeta do Courel* destaca: *AA cultura galega entoou a súa derradeira letanía por Novoneyra* A

Antonio Rodríguez testemuña: *A Última homenaxe a un poeta da terra: O regreso ó Caurel.* El Correo Gallego.

Sería imposible reseñar todos e cada un dos artigos de xornalistas, escritores, poetas, etc que se uniron ó cordal das lembranzas.

Pero non só os escritores e membros da cultura galega falan do poeta da serra, cidadáns anónimos recitaron nas rúas de Compostela, Lugo e AO Courel versos do insigne poeta:

Uxío Novoneyra.

(...) *Vaise vaise/ o camiño d-aire do aire polo aire/ camiñando cara un sitio aonde nunca foi nadie* (...) (sic) Os Eidos.

Mercedes Vázquez Saavedra.
31 de outubro de 2003. A In memoriam.

(O vindeiro número incluírá homenaxes póstumas)





Foto: E. Méndez



Serigráfica
ARGENTINA

IMPRESIÓN SOBRE TODO
TIPO DE MATERIAL

C./ Flor de Malva, 21
Tel. y Fax - 982 20 21 93
Garabolos - Lugo

NOITE DE LOBOS

O Ramos estaba de bautizo, unha nena bonitiña e moi esperta, que facía o número nove dos seus descendentes. Para celebrar o acontecemento convidara ós parentes e amigos a xantar, un xantar que se foi alongando ata que se xuntou coa cea. Entre os convidados estaban os seus compadres da Penela, que apadriñaran ó fillo número sete. Antón e a súa dona non foran xantar porque a muller estaba para o arrastre, segundo as súas propias palabras, «dóeme a cabeza, as tripas enrodeladas... ¡Ai!, que tódolos meses teña que pasar por este calvario. Que vaia o Antón, se quere, porque eu non son muller de nada.» Mais o Antón tampouco se decidiu, facendo un grande sacrificio acordou permanecer a seu carón.

Aló pola noitiña, o Ramos comezou a rosmar «ese meu compadre, ho, mira que nin sequera botar un pé nesta casa un día coma hoxe, anque só sexa para meter na boca un cacho de roscón e un grolo de viño. Colle o farol e chégate aló, neno, e dille que o quero ver aquí, se a señora Carmela non está para vir, que veña el só.

Farei un esforzo dixo, anque me doe deixar esta muller soa, vendo o maliña que está.

Anda, ho, anda, que aquí me atoparás cando volvas.

Despachou a facenda, lavou as mans e maila faciana, vestiu unha camisa limpa e colleu camiño. A noite era escura coma boca de lobo, a néboa tendida nas copas dos castiñeiros case non deixaba ver onde se poñían os pés «por qué non collería o farol como lle dixo a muller»; anque os camiños lle eran ben coñecidos, Antón andaba con tino, co oído atento; era un chisco medroso e non había moito tempo a Suso Vilariño puxéralle o fociño no pescozo un lobo mentres ripaba a herba para a cea das vacas na barreira. Certo que era un lobo que se caía de vello e só buscaba un recuncho onde deitar de vez os ósos. Suso contaba que mallara nel coma nun foleco de pisar castañas. Endoutro día o lobo apareceu morto na porta do sequeiro de Chelo.

Ía o Antón cavilando no caso e de súpeto lle pareceu ver un vulto arrimado ó castiñeiro de preto da Pedra dos Bolos. «E logo que carallo será ese... » Parou, un chisco alporizado, concentrou a vista no vulto, pero non foi que de identificar ó ditoso animal. Fixo amago de apañar un coio e guindalo, pero aquel demo nin debeu de pestanexar. «Era un lobo, non había dúbida, un lobo grande coma un burro.»

Deu un brinco petando cos galochos no chan e con aquilo a fera apartouse un treito. Agora xa non o vía «coido que liscou», dixo para si. Foise achegando paseniño ó castiñeiro, arrimouse a el e estarricando o pescozo por un lado axexou para comprobar se o camiño que debía seguir estaba despexado. Nada. Andou ó redor do castiñeiro a modiño para asegurarse e de socato atacouno un estremecemento, porque lle pareceu oír un ruído tras de si; volveu a testa receoso, rozando co nariz na casca do castiñeiro e comezou a arrepiar, sentía como se alguén lle turrara con forza dos pelos da caluga. O corazón deulle un brinco e o home quedou paralizado, abrazado ó castiñeiro, tentando agatuñar por el arriba e ó mesmo tempo sen ser quen de levantar os pés do chan. Ficou abraiado, estarecido coa imaxe daquela boca de lobo dando voltas na cabeza, unha visión que se lle cravou nos miolos cal punta de navalla, aqueles dentes brancos arregañados que xeaban o sangue e dous ollos coma dúas moxenas escintilando a unha cuarta do seu pescozo, tan preto que se non fora por ese pulo instintivo que turrou del para atrás dando un pequeno brinco que tamén escorrentou ó lobo, agora aqueles dentes xa estaría a lle esganifar a gorxa. A visión durou o tempo dun lóstrego, agora xa só vía a negrura da noite, un espacio baldeiro que o abranguía todo, e el cinguido por unha faixa de medo que lle apreixaba todos os músculos do corpo mentres unha lingua de lixa lle lambía os ósos. Apertou os dentes para non deixalos tremelar, xa lle tremía o corpo todo. Tentou berrar pedindo axuda. ¡Ca! non era quen de ceibar unha verba e as pernas case non tiñan conta del. Novamente foi arrodeando o castiñeiro na mesma dirección que lle pareceu seguira o lobo, quizais situándose detrás tivese ocasión de lle guindar un puntapé e facelo fuxir; para cúmulo de males, nin un coio nin un mal garabullo a pé do castiñeiro. Foi andando paseniño sen lle poder ver o rabo ó lobo; xa ía collendo azos, «botaríase polo souto abaixo», pensou. Apurou un chisco o paso, rodeou o castiñeiro por completo dúas veces e ¡nada! Quizais podía seguir e chegar á casa do compadre sen máis contratempos.

Respirou fondo, axustou o pantalón; levantou o pé dereito sen determinar aínda se ía botar a correr ou lle conviña máis ir a modo, concentrou a ollada no camiño que debía seguir e un novo arrepío paralizouno, xusto no medio

CASA CONSTANTINO

APARTAMENTO DUAS
HABITACIÓNS DOBRES

HOSPEDAXE E COMIDAS CASEIRAS

GRUPOS HASTA
8 PERSOAS

ESPECIALIDADES EN COMIDAS CASEIRAS:

Tabla de embutidos caseiros - Tortilla campeira - Cordeiro do Caurel - Terneira da casa - Variedade en postres caseiros

Venta de camisetas e outros artigos do Caurel

Folgozo de Caurel (Lugo) Telf. 982 433005

Do camiño por onde tiña que pasar, a uns quince ou vinte metros enxergou o vulto, aqueles caíños de neve e os ollos de lume tradeaban a mesta negrura e xa os sentía como parafusos cravados na pel comezando a lle esgazar a carne, «esa fera famenta agarda por min», pensou. De novo aquel tremor a lle percorrer o corpo, estarecido, os cabelos tesos e un formigueiro polo carrelo arriba que non lle deixaba pousar o pé. Sen estar seguro de cal era a mellor opción, ergueu a punta do pé esquerdo, apoiou a man no castiñeiro e moi a modiño foi virando, pareceulle que o lobo non se movera e botou a correr cara a súa casa, coa impresión de ir polo aire, de non pousar os pés no chan; ás veces oía, ou tiña esa sensación, as poutas do lobo petar no camiño xusto tras del, e ata sentía na caluga un bufo quente que lle facía cóxegas na medula dos ósos. A noite era escura coma a cova do demo, mais el coñecía ben os camiños e corría sen tropezos. Cando pasaba por diante da porta dun veciño sentía o corpo máis lixeiro, pero non se parou a chamar en ningunha, porque só desexaba chegar á súa, e por outra banda, non lle facía gracia que alguén se decatara de que corría diante dun lobo. Chegou sen folgos á súa porta, alí xa se sentía seguro, mais non volveu a testa ata que tiña medio corpo dentro. Sen soltar a manilla botou unha ollada cara ó camiño.

¡Por todos os diaños do inferno! A menos de trinta metros, ó abeiro das canellas dunha pereira que había no cimo da horta, estaba chantado aquel demoño, ollando cara a el e recachando os dentes. Chamou pola muller e díxolle moi baixiño: «Sae pola porta da esterqueira e

vaille dicir a Bilocho que veña coa escopeta, que hai un lobo baixo da pereira grande.»

Non ben acabara de falar coa muller cando aquel demo comeza a ornear e a dar rebrincos.

¡Que Santa Comba me valla! exclamou ¡E non me fixo arrepiar e correr coma un tolo ese diaño de burro cativo polo que veu preguntar inantes Xosé de Marcial! O que máis me xiringa é que veña ornear diante da miña porta, a se rir de min, despois de me ter en xaque e cun medo arrepiante metido no corpo. E ti deixa de rir polo baixo díxolle á muller que a cousa ten pouca gracia.

VICENTE TOUZÓN



Manada de Lobos

Foto: E. M. VILA

N O T A

A Asociación "FONTE do MILAGRO" non se fai responsable do contido dos traballos que se publican na Revista; esa responsabilidade pasa o autor ou autores. Por eso é necesario que tódolos traballos que cheguen a redacción para a súa publicación veñan debidamente identificados.

Estas follas pretendemos sexan un entretenemento para o lector e sirvan para dar a coñecer mellor, a paisaxe, xente, cultura, o entorno. En xeral O Caurel e o seu medio.

Agradecemos as cartas e traballos que estamos a recibir, e que son o alento para seguir adiante, si vostede desexa formar parte do equipo de traballo desta publicación, enviar traballos, dar a súa opinión, aportar ideas, ou sinte inquedanza polo Caurel, pónase en contacto connosco. Si desexa que o seu traballo se publique no próximo número da Candea este debe chegar a redacción non máis tarde do día 5 de Marzo de 2004.

A publicación faise en galego, pero pode que en moitos traballos este galego sexa no que se expresan, falan, pensan e escriben as xentes da Serra.



CASA
CATUXO

**COCINA NATURAL
DE LA TIERRA**

Teléfono para encargos: 982 16 52 13
Ponte de Valdomir - Folgoso do Caurel

FIESTRA MUSICAL HOMENAXE AO GAITERO

O pasado día 14 de agosto, co motivo da festa que organiza cada ano a Asociación Formigueiros na Ferrería Nova de Seoane, fíxoselle unha homenaxe a Xosé Lois Foxo nomeándoo Grande do Caurel. Nese acto destapouse unha estatua co busto de Foxo acompañado dunha gaita; adicáronlle unhas letras e dende ese día soa, as doce do mediodía, unha melodía arranxada polo homenaxeado, que forma parte dun disco que gravou a Banda de Gaitas do Caurel na Rogueira e na lagoa de Lucenza. Esta melodía que leva por título O Son dos Eidos forma parte da tradición cultural de Caurel xa que era un *alalá* que se cantaba pola Serra dende ben antigo.



Foto: E. M. Vila

HOMENAXE A JOSÉ LÓPEZ VARCARCEL

O pasado mes de xullo, cando os rapaces e rapazas da Banda de Gaitas do Caurel competían en Manzaneda, no campionato de Bandas de Gaitas, José López Varcарcel, o "mestre" ou "director" como así lle chamaban os rapaces gaiteiros, ou "Lolo de Vilela" como era coñecido na zona, recibía sepultura na súa querida terra. Logo dunha longa loita coa enfermidade, esta acabou cun home polifacético: unha persoa que igual improvisaba un brindo, como tocaba unha gaita ou adicaba un rato do seu tempo á carpintería e outros oficios populares. Acompañaba, en moitas ocasións, ós rapaces da banda nas súas actuacións e así se foi gañando o cariño e respecto deles.



Foto: Elena López

Dende as páxinas da Revista do Caurel queremos lembrar e rendirlle esta pequena homenaxe.

Manuel Silvelo adicou a seguinte poesía na súa lembranza, *Lolo* era unha persoa querida por todos, pero dun xeito especial polos artistas da Serra; ese grupo de persoas que cada ano se xuntan no Filandón de Músicas do Caurel para ofrecernos a cultura musical da zona e a súa vocación de artistas.

JOSE LOPEZ VALCARCEL

De luito está O Caurel,
e tamén "O Filandón",
sentimos a súa falta,
e tristeza no corazón.

Na historia do Caurel,
o teu nome está grabado,
por todo o que fixeche,
todo un bonito traballo.

Tristeza hai no Caurel,
e dolor hai en Vilela,
marchóusenos un amigo,
e por el sentimos pena.

Dúas cousas ten a vida,
que empezan ó nacer,
e o pasar algún tempo,
que se acaba o morrer.

Alá arriba no Ceo,
mirando con atención,
disfrutando desta festa,
que é o noso "Filandón".

As nosas vidas pola terra,
é un camiño fugaz,
que Deus che dea a gloria,
e que descanses en paz.

Nas Músicas do Caurel,
o teu nome quedou escrito,
por ser colaborador,
sendo fermoso e bonito.

MANOLO MENDEZ SILVELO
Outeiro - Quiroga

euro 
 lack
fábrica de pinturas

pinturas **RICARDO**

RICARDO VARELA VARELA
DELEGADO DE VENTAS

M^a TERESA CASTRO ÁLVAREZ
VENTAS

C/. Manuel María, portal 1 - baixo A
Tfno. y Fax 982 212 209
Particular 982 245 248
27003 LUGO

ISTO É NOTICIA



Foto: E. M. Vila

Onde está a noticia, alí está o reporteiro da Candea.

Benqueridos amigos/as, lectores/as o que de seguido lle vou contar, si me permiten un anaquiño do seu prezado tempo, non ten desperdicio.

Un día máis, o reporteiro colle o seu equipo de traballo e, coma si dun cazador se tratara, sae dar unha volta á caza dalgunha noticia que garde relación co Caurel e o seu entorno. O que menos imaxinaba era que ó acender o aparato de radio do coche a primeira e única noticia que ía escoitar, e escoitaría en tódala xornada, en tódalas emisoras de radio, en tódalas cadeas de televisión, en tódolos xornais, en tódalas bocas habidas e por haber, non era outra que a confirmación que facía a Casa Real do compromiso de voda do Príncipe Felipe coa periodista asturiana Letizia Ortiz. Eu escoitando a radio cavilei e dixen para min: ¡manda carall...! eu cando pedín a man da miña dona non se enterou nin ela. Bueno, o que íamos; a miña noticia é outra, o Príncipe e a súa prometida que sexan felices e se queren que a Revista do Caurel fale deles que veñan de lúa de mel a Serra e logo adicámoslle unhas cantas páxinas.

Eiquí arranca a historia que me leva a escribir estas liñas e tratarei de comentala do mellor xeito para que poidan entenderme.

Un día gris propio do outono galego, con choiva barruceira, decidín, a pesares do tempo, darme unha volta pola xeografía Caurelá. E que mellor que ollar as pegadas que a codicia dos emperadores romanos deixou no Caurel: a mina de ouro da Toca. Para chegar a ela guíome pola indicación que se pode ver en varios puntos das “estradas” da zona. A cousa de momento vai ben; sigo os “fermosos” paneis azuis que me din: Mina Romana da Toca a 12 Km., Mina Romana da Toca a 6 Km., Mina Romana da Toca a X Km... e así fun tirando, pero cando necesitaba o sinal, este non aparecía; tratei de sacar proveito do

meu sentido da orientación e non andaba mal encamiñado pero xa dera unhas cantas voltas o tolo. Dende un coche fixéronme sinais para determe, e non era nada máis que para preguntarme como se chegaba a Mina Romana da Toca. ¡Eu que ía responder!?... ¡niso ando eu!... sen localizar o camiño; un grupo de mozas, con xeito de perdidias, faime a mesma pregunta que un anaquiño antes me fixeran. Cal é o camiño para chegar a Mina de ouro?. Eu xa fora informado por un grupo de cazadores e indiqueille ás rapazas que me seguran; logo de percorrer uns metros do camiño que parte da estrada de terra que leva a Teixeira atopamos un panel indicador que nos di que a 2 Quilómetros está a Mina Romana da Toca; o entrar no que sería o último treito da miña odisea e observar o estado do camiño detiven o meu vehículo para informar ás mozas de que ía ser moi difícil, ou case imposible continuar co seu coche ó ver o estado no que se atopaba a correioira; no meu medio de transporte, pola súa capacidade, non era posible dar cabida a aquel grupo e o día non era do máis axeitado para percorrer os 2 quilómetros de ida e os 2 de volta, con cara de resignación dixeron: -outra vez será! e decidiron voltar e si noutra ocasión o tempo e a estrada o permiten, facer unha vista a historia do Caurel. Logo da despedida e de dicir con cara de parvo “sinto” (case me sentía eu responsable daquel feito). Como veciño e namorado desta terra sentíame doído daquela circunstancia tratando de convencerme que a culpa non era miña. Continúei o camiño e ó pouco xa puíden contemplar dende enfronte a maxestosa escavación; seguinme achegando. O camiño hasta se facía complicado para o meu todoterreo e pensando o acerto que tivera ó aconsellar ós outros visitantes de non continuar cos seus Audi. Pero o bo da noticia acontecía ó chegar o camiño o seu fin. Si. Eiquí estaba a noticia Botei un bo rato sen parpadexar, pasaba a man pola cabeza tratando de sacar unha conclusión ó que os meus ollos estaban a ver e non daban crédito. Chovendo a cántaros baixei do coche para comprobar que aquilo non era un efecto óptico, que non era produto dunha visión; mantivenme un rato perplexo logo de votar unha mirada á arredor para comprobar que ninguén estaba a mirarme; soltei unha gargallada que ben penso foi oída polos veciños de Vilela e arredores. E senón xulguen vostedes, vexan a foto e opinen, o sinal informativo indícanos que aquí fai algo máis de 1.000 anos os romanos utilizaban este espazo como zona de aparcamento?.... Ou que algunha mente lúcida dos nosos tempos lle enredaba a chapa na súa casa e decidiu facer unha gran obra colocándoa eiquí. Din unhas voltas por ver si atopaba algún outro sinal que informara si o “parking” era gratuíto ou zona de aparcamento regulado, ou zona de ORA como se chama nas cidades, a verdade que eu non tiven ningún problema á hora de aparcar, o aparcamento estaba libre e vixilancia tampouco se vía.

De volta en Seoane preguntei como e de quen xurdira a

EL GORDO DE La Primitiva

Bono  Loto

La  Quiniela

La  Primitiva

Reserve xa a súa Lotería de Nadal

ADMINISTRACIÓN Nº 12

Crta. N-VI, km. 501,6

27004 LUGO

(Centro Comercial Carrefour)

Telf. 982 203 159

Espléndida idea. Din que foi hai uns 10 anos, ó amparo do Plan LEADER. É que daquela aínda se podía chegar hasta alí en turismo, hoxe e máis complicado, pero que nunca houbo problemas para estacionar alí ¡¡¡Imaxino!!!.

Queridos lectores e amigos da Candea, xulguen vostedes, vexan a foto tantas veces como desexen. Non é unha montaxe a foto é real. Pero mellor fagan unha escapadiña,

infórmense ben como chegar e non vaian sós por que a bo seguro se lle vai soltar unha gargallada, e iso de rir un só non está ben visto.

Si ten algo que decir o respecto. Eiquí estamos; faga o seu comentario

O REPORTEIRO DE A CANDEA

OS FORNOS

Os primitivos fornos de coce-lo pan no Caurel, eran construcións hemisféricas feitas con laxas de pizarra, cun pequeno burato na súa base por onde caía a cinza e os carbóns ó cinseiro, cunha pequena porta; como curiosidade, citar que carecían de cheminea; o fume, polo tanto saía pola porta. Polo xeral cada casa-vivenda tiña o seu forno, dada a importancia desta actividade.

Moitos destes fornos (por non dicir todos) foron substituídos na actualidade por outros máis pequenos de material refractario, máis doados de quentar e polo tanto máis económicos á vez que se lle incorporou unha cheminea.

Para ser quentados era preciso acende-lo lume dentro


deles, barallando a leña cun pao largo e delgado chamado *Lareiro*, para facilita-la súa combustión, o interior do forno íase poñendo escuro e logo branco, era entón o momento de poñer-lo pan a cocer, logo de tirar as brasas e maila cinza polo mencionado burato coa axuda dunha vasoira de xesta verde enmangada no lareiro; as pezas de pan íanse introducindo ca *Pá*, logo pechábase a porta e tamén o burato da cheminea, e transcorridas unhas dúas horas aproximadamente xa se podía sacar o pan coa axuda dun longo gancho de madeira. Tamén era frecuente cravar un ardente nunha peza de pan para ilumina-lo forno; isto era así naquelas datas en que aínda non había electricidade nas



Foto: E. M. Vila

ORIXE DOS FORNOS

Os primeiros fornos eran de terra e logo cerámica. Xa apareceron no Neolítico; no debuxo que ilustra estas liñas, segundo Butler, vemos a planta e detalle dun forno do Neolítico Final de Vinca (Belgrado-Serbia). Tamén no poboado de Jarno nos Zagros Iraquíes, atopouse outro forno, este poboado mostrou unha superposición de 12 niveis constructivos cunha ocupación que comezaría cara o 8.500 BP (6.500 a.c.)*



A tradición cóntanos que na Pena Furada (Meiraos) xa había un pequeno oco que moitos creron un forno.

* Al Oeste del Eden. Editorial Síntesis
JESÚS ALFONSO
PARADA JATO
Meiraos



URBANO ARZA, S.L.

CONTRATISTA DE OBRAS

MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN - MOBLES
FERRETERÍA - BAZAR - ROUPA E CALZADO

A Todo o Mundo
Bo Nadal

Supermercado CLAUDIO

C/ Deputación Nº 41 • 27325 FOLGOSO DO CAUREL (Lugo)
Tfno.: 982 433 026 - Fax: 982 433 055



COUSAS QUE ACONTECERON

Dende a última edición da CANDEA, aló polo mes de xullo, e ata hoxe, unha morea de acontecementos xurdiron no Caurel. Co verán son moitas as actividades que ó ancho e largo da xeografía desta terra acontecen: festas, romarías, homenaxes, etc., etc.

- & O Santiago Apóstolo en Castro de Portela os días 24 e 25 de xullo.
- & A Festa do verán na Ponte de Baldomir o 7 de agosto.
- & O Alto do Boi organizou festa os días 13 e 14. Alí hónrase á Virxe de Lord.
- & Festa do emigrante na Ferrería Nova o día 14

- & Santa Eufemia celebrou as súas patronais o 17 e 18.
 - & En Froxán, e na honra do Santo Estevo, a festa, como e costume, celebrouse os días 20 e 21.
 - & Tamén o bar O Pontón de Ferreirós de Abaixo organizou festexo. Xa no mes de setembro, e para ir pechando o calendario festivo, Romeor celebraba as súas patronais honrando ó Bo Xesús; e os días 13 e 14, a capitalidade do Concello fixo honra a súa patroa, a Virxe do Carme.
- Dun xeito ou doutro raro é o lugar do Concello onde non se celebra ningún acontecemento.

EXPOSICIÓN DE PINTURA

II Certame de Pintura "FONTE do MILAGRO"

Xa adiantamos no número 10 da CANDEA acerca da exposición das obras participantes no II Certame de Pintura Rápida ó Aire Libre que a Asociación que edita esta publicación organiza.

As obras de tódolos participantes segundo constaba nas bases do Certame, serían expostas por un prazo dun mes e así se fixo; nesta ocasión o lugar onde se expuxeron os traballos foi no recen pechado Centro Escolar de Folgoso. Durante o tempo que durou a exposición moitas foron as persoas que se achegaron a contemplar as obras, onde os artistas plasmaron no lenzo a paisaxe relacionada co Caurel e o seu medio. Algún dos visitantes aproveitou a visita para mercar algunha das obras as que os seus autores puxeran prezo.

II FESTA DA EMPANADA DE ACELGA EN FOLGOSO

O día 10 de agosto foi a data escollida pola Asociación A COROA de Folgoso para a celebración da que foi a II Edición da Festa Degustación da Empanada de Acelga. Ademais da degustación deste manxar, tan usual na dieta do Caurel fai algún tempo e tan inusual atopala hoxe en día, a organización incluíu no programa da festa: -Xogos en xeral e para cativos, - Actuación dun grupo de animación cómica, -Exposición de fotografía antiga e baile para tódolos gustos. Dende a tarde ata altas horas da madrugada.

FILANDON DE MÚSICAS DO CAUREL

Como xa é habitual, coincidindo co primeiro fin de semana de agosto, organizase no Lago de Esperante o Filandón de Músicas do Caurel. A organización corre a cargo de Xosé Lois Foxo. Logo do oficio dunha misa, os invitados degustaron un xantar a base de pulpo, empanadas e produtos da zona.

De seguido deuse paso ás actuacións musicais; alí case un cento de artistas do Caurel e concellos limítrofes, en solitario ou en grupo, foron pasando polo escenario, interpretando: poesías, brindos, cancións e outros identificados co Caurel. Nesta edición a estrela convidada foi a gaitreira ourensá Cristina Pato que espertou moita curiosidade entre os asistentes.

PROTESTA VECIÑAL

O Pasado día 19 de agosto, boa parte dos veciños de Froxán e Castro Portela, ós que se uniron tamén os dos pobos da Montaña do Lor, ante a falta dunha resposta clara ou unha solución ó problema que veñen sufrindo, dende hai uns anos, polo mal estado no que se atopan uns 100 metros da estrada que une estes dous pobos coa Montaña do Lor, e que dende aquí dan saída a Quiroga e Monforte. Se o abundante tránsito desta vía durante o ano, e máis nas datas do verán, lle engadimos que os 100 cuestionados metros carecían de pavimento, facía que este pequeno treito se fixese intransitable e incluso ser motivo dalgunha avaría sería ós vehículos que por alí transitan. Por tal motivo un centenar de persoas, dos citados lugares,

decidiron, a súa maneira e como xeito de protesta, acondicionar, aínda que de xeito temporal, este treito.

Descoñecemos se foi froito da protesta veciñal ou as autoridades xa tiñan previsto votar man desta vergoña, o que é certo que ós poucos días se puxeron man a obra. Un pequeno arranxo para tapar a boca.

BOAS NOVAS

DE NOVO AS PROBAS DE SINTROM VÓLVENSE REALIZAR NO CONCELLO

Outra boa noticia acontecida nos últimos días e que, dun xeito ou outro, afecta a tódolos caureláns, é a recuperación nos centros de saúde de Folgoso e Seoane das probas e analítica do anticoagulante sanguíneo, máis coñecido como Sintróm, e ó que teñen que someterse de, xeito habitual unha trintena de veciños do Caurel. Fai case un ano que se deixara de prestar servizo no Concello e os pacientes tiñan que desprazarse ó Hospital Comarcal de Monforte. Esta noticia saíu publicaba no xornal O Progreso de Lugo, o día 31 de outubro, anunciando que en novembro xa sería posible face-las probas en calquera dos dous centros médicos do Concello.

REFORMA DA ESTRADA HOSPITAL DO CEBREIRO SEOANE

É unha das boas noticias recibidas este verán na zona. Parece ser que a tan ansiada obra de mellora desta vía vai ser realidade. Non debemos esquecer que, dadas as condicións das comunicacións por estrada en Galicia, esta vía é a que mellor situaría O Caurel na rede de comunicacións por estrada co resto do Estado; a autoestrada que une a zona norte de Galicia coa Meseta discorre por Pedrafita do Cebreiro e esta dista 37 quilómetros de Folgoso e 25 de Seoane.

O acondicionamento desta estrada será un apoio á difícil situación, que en materia de comunicacións sofre o Concello, e ó mesmo tempo axudará á mellora da calidade de vida dos seus habitantes e o desenvolvemento xeral do Caurel.

Esta reforma xa esta a executarse e no primeiro tramo xa están as máquinas a traballar. Esta primeira fase é de pouco máis de 2 quilómetros, e consiste nunha variante o vello trazado dende Puntalor, no límite dos concellos de Pedrafita e Caurel hasta preto de Pacios de Lousada.

FESTA DA MALLA EN NOCEDA

De novo os mallos volveron soar no Caurel como cada ano, na Festa da Malla que nesta ocasión se celebrou o día 12 de agosto en Noceda. A organización e promoción corre a cargo de Xosé Lois Foxo, axudado polos veciños do lugar.

Esta, xuntamente coa Mostra da Serra, Mostra da Pisa da Castaña, etc., están a amosar ás novas xeracións os oficios que tradicionalmente se desenrolaban antano no Caurel e que hoxe se van recuperando a xeito de demostración.



ARIAS NADELA

COCINA Y BAÑO



Nueva exposición en:
Polígono de Pocomaco
Parcela B-11
A CORUÑA

<http://www.ariasnadelas.com>

Telf: 981 170983

Fax: 981 175134



LUGO


Rda. de la Muralla 124 Telf.- 982 245909
Tolda de Castilla s/n Telf.- 982 221 254

A CORUÑA

Fernando Macías 22 Telf.- 981 258556
Polig. de Pocomaco Parc B-11 Telf.- 981 170983

En ARIAS NADELA las mejores marcas para cocinas y baños
ROCA - MIELE - "TAU GRES"
VELUX - CERAMICAS DEL FOIX
BELLAVISTA - BOSCH

Y en LUGO también
PORCELANOSA



XVI FESTA DA CASTAÑA DO CAUREL

O peche da edición desta revista, no Caurel celebrábase a XVI Festa da Castaña sendo, nesta ocasión a localidade o lugar onde se ían levar a cabo os actos desta xornada gastronómica. Esta festa exaltación do produto máis abundoso na zona celébrase dende hai 16 anos de xeito continuado, alternando a súa ubicación entre Seoane e Folgoso, esta celébrase normalmente coincidindo coa segunda fin de semana de novembro, aínda que nesta edición os organizadores escolleron, o día 15 sábado:

A xornada non foi o apacible que nestes acontecementos se desexa, a choiva estivo presente en case todo o día, pero non foi razón para desanimar a chea de persoas que ata o lugar se achegaron para disfrutar do sabor deste produto ou para disfrutar dunha xornada no Caurel.

Nesta edición o pregón correu a cargo de Eduardo García-

Rodeja Gayoso, Vicerrector de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela. Na súa intervención fixo un chamamento a tódolos sectores para que se conciencien na necesidade de respectar, coidar e manter este entorno que aínda conserva a natureza case que no seu estado virxe; tamén fixo comentario acerca da estación Biolóxica que se vai construír en Seoane, segundo el, todo vai por bo camiño e pronto se poderán ver os planos e proxectos para a súa construción. No vindeiro número da Candeia reproduciremos o pregón desta festa na súa totalidade.

Durante a xornada consumíronse máis de 500 quilos de castañas e uns 600 litros de viño. Asadores e tambores tiveron pouco tempo libre. Púidose contemplar unha exposición de vellos útiles e aperos de labranza, así como mostra dos cadros premiados no Iº e IIº

¡ MAMÁ, QUERO UNHA BICICLETA!

Un berce de madeira e dúas bonecas de trapo feitas por min era o único que tiña o meu neno ós seus dous anos de idade. Alumeado pola luz duna candeia, durmía pracidamente aquela noite de primavera-verán, eu viña cansa da casa da señora Aurora, a verdade é que fora un día dos que mais pesado se me fixera atender os animais daquela inmensa propiedade para que traballaba tan duramente e que a cambio nos daba de comer.

Aquel día parece que se repite, pero o meu fillo ten agora xa catro anos, entretense xogando na eira cun carriño de nabo que lle fixo un veciño xa vello, que a pesar dos anos segue sendo un gran contacontos e un excelente amigo dos nenos; Antón pensa que é dono dunha gran extensión de terreo e que camiña por ela coas vacas...como fan os nosos señores...dende a leira escoito a súa voz de cativo, e as bágoas asolagan os meus ollos cando penso que o seu futuro non será mellor que o meu. Cando veu a casa para comer díxome: -"Mamá quero unha bicicleta, si mamá

unha coma a que trae Miguel, o fillo do notario", eu como puiden fíxenlle entender que na nosa situación, non podía facer fronte a súa petición e el lonxe de enfurruñarse, contestoume; -"Cando sexa grande vou traballar para mercala eu, mamá non chores por iso."

Antón loita pola súa bicicleta, e os doce anos, co seu primeiro soldo nunha tenda de golosinas, conseguiu mercala, igual que conseguiu outras moitas cousas nesta vida.

Agora que vou vella, estou orgullosa del, miro pola fiestra e vexo os meus netos na praza do pobo, eles teñen as mellores bicicletas do barrio porque o meu fillo agora é notario. Eu, na soidade deste cuarto, non deixo de preguntarme se eles logran ser tan felices coas bicicletas como foi o meu Antón cando despois do esforzo el puido mercar a súa.

Begoña López Rodríguez
O CAUREL

A REVISTA EN INTERNET

A Asociación xa conta dende maio con páxina Web, este foi un traballo feito por José Manuel Carreira a quen temos que agradecer a desinteresada colaboración que está a ter coa Asociación. Nesta páxina, que se pretende actualizar en breve para incluír nela os estatutos, acordos, actividades, fotografías e todo o que sexa relacionado co colectivo e o acontecer do Caurel, pretendemos que sexa unha páxina participativa, onde todo aquel que a visite poda facer o seu comentario ou dar a súa opinión. Esta inclúe a revista A CANDEA no seu formato orixinal. Tamén se ten acceso os números atrasados.

Para visitar a páxina en: <http://fontedomilagro.webcindario.com>

Tamén se pode votar unha ollada a revista no portal de internet. www.galiciadigital.com e na páxina www.sierradelcaurel.com que nos remitirá a un enlace onde se ofrece a revista.

ACAMPAMENTO O CAUREL CAMPING - BUNGALOWS



ESPERANTE -SEOANE

RESERVAS:
Viajes QUIMATURS - LUGO
Teléfono (982) 24 61 11
Tfno.: Camping: (982) 43 31 01



QUEDE CLARO

LIMPEZA E SINALIZACIÓN DE SENDEIROS

Dentro do programa de actividades que a Asociación FONTE do MILAGRO está a levar a cabo no referente a limpeza e sinalización de sendeiros e camiños dentro dos termos do Caurel, debemos aclarar o seguinte:

No anterior número de A CANDEA, nunha nota, comentábase que estabamos á espera dunha resposta a petición que, por parte da asociación, se fixo no seu día solicitando os permisos necesarios para levar a cabo as obras de limpeza e sinalización. Logo dun tempo de espera e non poucos atrancos, chegou a resposta na que se nos autoriza a limpar e sinalizar, pero con unhas condicións non moi claras e aínda menos axeitadas a nosa forma de desenrolar a actividade. En dita autorización comunicásenos que contamos cun prazo de 6 meses para executar os traballos, se non rematados estes, debemos solicitar unha prórroga. Isto é para nos un atranco máis no noso afán por mellorar

os vellos camiños e sendeiros e con elo ofrecer un servizo que creemos necesario si queremos potenciar e ofrece-lo de maneira máis axeitada ó sector turístico.

O que debe quedar claro é que este colectivo traballa de xeito totalmente altruísta e cando os seus membros dispoñen de tempo, **non contamos con axuda ou subvención**, utilizamos os medios humanos. Os materiais, maquinaria e útiles mércanse cos fondos da propia Asociación. En moitos casos axudados por persoas que sen ser da Zona perden, dun xeito totalmente desinteresado, o seu tempo de lecer para votar unha man.

Fixéronse comentarios e dende algúns sectores dise que percibimos axudas ou polo contrario non realizaríamos esta labor. Isto é un síntoma de ignorancia ou mala fe contra a Asociación e os seus membros.

VÓTANOS UNHA MAN

Esta revista é froito do agarimo dun grupo de persoas identificadas co Caurel, unha xente que adica tempo, vocación e diñeiro a este proxecto. O custo de publicación é alto para a economía da Asociación, por eso recorremos a establecementos e casas comerciais que coa súa importantísima aportación axudan a que

sigamos aí e que A CANDEA se poda distribuír de xeito gratuíto.

Si vostede desexa colaborar incluíndo un apartado publicitario do seu establecemento ou negocio fará posible que a Revista do Caurel poda seguir chegando os seus asiduos lectores. Número a número son máis as persoas que desexan recibir a publicación no seu enderezo. A estas persoas comunicámoslle que é necesario custear o envío e embalaxe.

FAITE SOCIO COLABORADOR

Si desexas formar parte deste colectivo, participar nas actividades que organiza, recibir a Revista no teu enderezo, etc. Cubre os datos do recadro inferior e envíao a: **Asociación "FONTE do MILAGRO" Froxán, s/n 27325 O CAUREL - Lugo**

Apelidos..... Nome:..... D.N.I.....
Enderezo:..... C.P:.....
Localidade..... Provincia..... Teléfono.....

A cota anual é de 15 € e a modalidade de pago:

☐ Domiciliación bancaria
(marca a opción desexada)

☐ Pago en efectivo

☐ Transferencia bancaria

- Para transferencia bancaria podes facer o teu ingreso na conta Nº **3070/0006/52/1137510929** aberta a nome da Asociación na oficina de Caixa Rural de Folgoso do Caurel. (Lugo)
- Para domiciliar os pagos cobre os teus datos bancarios.

DOMICILIACIÓN DE PAGOS

Nº de CONTA (20 díxitos)/...../...../..... Titular:.....
Banco ou Caixa..... Enderezo.....

Sr Director do Banco ou Caixa: Teña a ben cargar na miña conta e hasta nova orden, tódolos recibos que sexan presentados pola Asociación "FONTE do MILAGRO"

Sr. Director del Banco o Caja: Tengo a bien cargar en mi cuenta y hasta nuevo aviso todos los recibos que sean presentados por la Asociación "FONTE do MILAGRO"

O titular da conta

En,..... a..... de..... de..... Asdo:.....

Turismo

CASAS

Rural

CARLOS - COMERCIANTE - DOSINDA

6 HABITACIONES
SALON

APARTAMENTO 4 PLAZAS
COCINA

CASA COMPLETA
3 HABITACIONES

Vilamor do Caurel (Lugo)

Información e reserva: Tfno 982 155 618

RECUNCHO PARA POESIA

SERRA DO CAUREL

Por toda longa Serra
resoan os oubeos...
retumban en quexidos longos
chamando por migallas!

Por toda-la Serra
o ancho, alto e longo dé-la
e por eidos e rueiros
os oubeos... chegan!

Oubidos sentidos
eran latigazos e sôs
codificados o corazón
que enxorda a xusticia!

E de sempre o LOBO
ata na Escola...
na lareira e no lar
dos lobos escoitar oubear!

E os lobiños oubear
as portas do Rueiro de Parada
oubeaban baixiño...
a súa mai, lles facía compañía!

Comunal lles era a fâme
soan nos cumios da Serra
e os cantos dos galos...
as verbas das xentes
e a voz de Catedral
do noso Uxio Novoneira
a un soio andar!!!

ANTÓN PATIÑO REGUEIRA
Monforte Lemos 15-5-2003

CANTO A VILANOVA DE PIÑEIRA

Vilanova de Piñeira
en Chandepacios fundada
concebida en democracia
prá que sexas moi lembrada;
tu serás do Caurel alto
a vila máis nomeada
tu serás do Caurel alto.
ai!,ai!,ai!
a vila máis nomeada

Eres vila de xentes nobres,
de grandes prados e leiras,
de Pombos e Reiseñores
que cantan nas carballeiras.
canta a Rula e canta o Cuco,
canta a Pita e mailo Galo,
as mociñas desta vila,
ai!,ai!,ai!
andán co saio apertado

Sempre foi Piñeira o pobo
do Caurel o máis alegre,
du tamén teras que ser
o diste recanto enxebre
tu tamén teras que ser
ai!,ai!,ai!
o diste recanto enxebre

Estribillo
Pola Escadabada e
Fondodevila
corren as mulleres prá
Cimodevila.
pola Leirela e maila
Arbillega
van as abelliñas cargadas de
cera".

JESÚS GALÁN
Ano de 1994

A Asociación Cultural "FONTE do MILAGRO"

DESEXA

Os lectores de "A CANDEA", amigos e xentes do Caurel e a todo mundo en xeral:



FELICES FESTAS DE NADAL
E
BO ANO 2004



E-mail: Froxán.vila@terra.es • Tfno.: 982 21 01 28 - 619 025 252

Colabora:



Deputación de Lugo

A CANDEA Tamén en Internet

www.galiciadigital.com

Aberto dende Semana Santa
ata Outubro

Unha area recreativa
en plena natureza
do Caurel

Carnes a brasa e
productos da zona

www.galiciaonline.es/oponton

LU-651 (KM 28) Entre Folgoso e Seoane

Café-Bar O'PONTON

Ferreirós dábaixo Caurel

Tel: 982 16 52 18



CAIXA RURAL GALEGA

Oficina Folgoso do Caurel